

## Agro



### carne

O tratado con Mercosur trouxo novas tractoradas

### entrevista

O asturiano Julián Rodríguez, xuíz da Moexmu 2026

### leite

O prezo do leite volve sacar á rúa aos gandeiros

### industria

A produción queixeira en Vilalba segue a medrar

### servizos

Os grupos de empresas que nacen vinculadas ao rural

### ferramentas

As grandes protagonistas do mercado de primavera

**3 AÑOS AL 0% T.I.N**  
\*0,86% T.A.E  
o 4 años contratando ampliación de garantía

YA DISPONIBLES EN

**MTT**

MILLARES TORRÓN SL

**3 AÑOS AL 0% T.I.N**  
\*0,80% T.A.E  
o 4 años contratando ampliación de garantía

**JCB**

# GANDO DE LEITE

## As explotacións leiteiras, ao límite de novo

### A baixada de prezos en orixe e a alza dos custes sementa unha crise que ameaza o futuro do sector

O sector lácteo, considerado estratéxico tanto polo seu peso económico como polo seu papel no territorio, atópase nunha encrucillada na que se decide non só a súa rendibilidade, senón tamén a súa supervivencia

As mobilizacións diante das industrias lácteas marcaron un novo capítulo na crise que atravesou o sector do leite en Galicia e, concretamente na provincia de Lugo. Gandeiros e gandeiras convocados por distintos sindicatos e organizacións agrarias concentráronse ás portas das principais fábricas para denunciar unha baixada xeneralizada do prezo do leite en orixe que, aseguran, pon en risco a viabilidade de miles de explotacións. As protestas, que comezaron en Lactalis e Leite Río, evidencian un malestar crecente que vai máis alá dun conflito puntual e que apunta a un problema estrutural.

No centro da polémica están os novos contratos ofrecidos polas industrias, que contemplan recortes significativos no prezo por litro. Segundo denuncian organizacións como o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), a Unión de Pequenos Agricultores e Gandeiros (UPA) ou FRUGA, as baixadas oscilan entre os catro e os dez céntimos, chegando mesmo a superar estas cifras nalgúns casos. Unha redución que se

produce nun contexto no que os custos de produción non deixan de medrar.

A indignación no sector non responde só á magnitude das baixadas, senón á súa falta de xustificación. Desde o SLG aseguran que non existen indicadores de mercado que avalen esta decisión. Pola contra, sinalan que a produción apenas experimentou variacións e que o número de granxas continúa diminuindo, polo que non se pode falar dun exceso de oferta. Para o sindi-

cato, a única explicación reside nunha estratexia das industrias para aumentar marxes de beneficio ou favorecer a entrada de leite importado a menor prezo. Esta percepción é compartida por UPA, que denuncia que tanto as industrias como a distribución están a forzar unha baixada artificial dos prezos en orixe. A organización advirte de que se está a xerar unha "espiral baixista" na que as explotacións son as principais prexudicadas. Ademais, apunta á importación de leite doutros

países como un dos factores que contribúen a esta presión sobre os prezos.

Mentres tanto, o impacto económico para as granxas é inmediato e cuantificable. Segundo os datos manexados polas organizacións agrarias, unha explotación media pode sufrir perdas de varios miles de euros en poucos meses, unha situación que compromete a súa continuidade. Nun sector xa marcado pola desaparición progresiva de granxas, esta nova caída de ingresos actúa como un



**SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA**

NEUMÁTICA  
HIDRÁULICA  
TRANSMISIÓN  
HERRAMIENTAS  
ACEITES



**TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO**

CUCHILLAS  
MUELLES  
CORREAS  
RODAMIENTOS



**TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS**



**TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS**



**RYS SESACAR**

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53  
Pol. Ind. Sete Pontes  
27800 Vilalba - Lugo  
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656  
recambios@sesacar.com



factor acelerador dun proceso que semella imparabile.

### OS CUSTOS DE PRODUCCIÓN

A esta baixada de prezos súmase un incremento xeneralizado dos custos de produción que agrava aínda máis a situación. O encarecemento do gasóleo agrícola, dos fertilizantes, da electricidade, dos pensos ou dos plásticos está a disparar os gastos das explotacións. Segundo denuncian entidades como Agromuralla, este incremento pode alcanzar porcentaxes semellantes aos rexistrados en crises anteriores, o que deixa ás granxas nunha posición especialmente vulnerable.

O conflito en Oriente Medio aparece como un dos detonantes desta subida de custos, ao afectar directamente ao prezo da enerxía e das materias primas. O gasóleo chegou a duplicar o seu prezo nun curto espazo de tempo, mentres que os fertilizantes experimentan tanto un encarecemento como problemas de subministración. Esta combinación de factores sitúa ás explotacións nunha situación que moitos cualifican de

“tormenta perfecta”.

Desde o sector insisten en que esta realidade fai aínda máis incomprensible a decisión das industrias de reducir os prezos. “Non se pode pedir ás granxas que produzan por debaixo de custos”, é unha das mensaxes máis repetidas nas mobilizacións. Neste sentido, as organizacións agrarias lembran que a Lei da Cadea Alimentaria establece a obrigatoriedade de que os contratos cubran os custos de produción, algo que, ao seu xuízo, non se está a cumprir.

A aplicación desta lei converteuse nun dos principais puntos de conflito. Tanto o SLG como FRUGA denuncian que a normativa é insuficiente ou que non se está a aplicar con rigor, o que a converte nunha ferramenta ineficaz para protexer ao sector produtor. A falta de control e de mecanismos claros para determinar os custos reais facilita, segundo sinalan, prácticas que consideran abusivas.

### INTERVENCIÓN DO GOBERNO

Ante esta situación, as organizacións agrarias reclaman unha

intervención decidida das administracións. Piden tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno central que fagan cumprir a lei, que reforcen os mecanismos de control e que adopten medidas que garantan prezos xustos para o leite. Tamén se reclama a recuperación de espazos de diálogo como a Mesa do Leite, desaparecida nos últimos anos e considerada clave para a interlocución entre os diferentes axentes do sector.

A resposta institucional, porén, é percibida como insuficiente polos gandeiros e gandeiras. A sensación de abandono repítese nas declaracións dos representantes do sector, que critican a falta de medidas concretas e a lentitude na toma de decisións. Neste contexto, as mobilizacións aparecen como a principal ferramenta de presión para facer visible o problema.

O risco de que a crise derive nunha redución da produción é outro dos elementos que preocupa ao sector. Organizacións como Agromuralla advirten de que unha baixada prolongada dos prezos podería provocar que

moitas explotacións opten por reducir a súa actividade ou mesmo por abandonar a produción de leite. Isto non só afectaría ás propias granxas, senón tamén ao conxunto da cadea alimentaria e ao abastecemento.

### ENFERMIDADES DO GANDO

A maiores, o sector enfróntase a ameazas adicionais, como a posible chegada de enfermidades gandeiras que poderían ter un impacto devastador. A combinación de factores económicos, sanitarios e estruturais configura un escenario de gran incerteza para o futuro do leite galego. Neste contexto, as cooperativas tamén alertan das dificultades para manter a súa actividade, especialmente pola subida dos custos enerxéticos e do transporte. A perda de competitividade e as dificultades para trasladar estes incrementos ao prezo final engaden presión a un sistema xa tensionado.

Galicia, que concentra unha parte moi significativa da produción de leite do Estado, enfróntase así a un momento decisivo. O sector lácteo, considerado estratéxico tanto polo seu peso económico como polo seu papel no territorio, atópase nunha encrucillada na que se decide non só a súa rendibilidade, senón tamén a súa supervivencia.

As mobilizacións diante das industrias son, neste sentido, algo máis que unha protesta puntual. Representan a expresión dun conflito profundo que cuestiona o funcionamento da cadea alimentaria e o reparto de valor dentro dela. Mentres non se produzan cambios, o malestar seguirá latente e o futuro de miles de explotacións continuará pendendo dun fío.

### CUSTOS DE PRODUCCIÓN

O **Custo Efectivo de Producción (CEP)** define legalmente o total de gastos que o gandeiro asume para producir cada litro de leite. Inclúe obrigatoriamente todos os insumos, enerxía, amortizacións de maquinaria e a valoración económica do traballo do titular e a súa familia. Segundo a Lei 12/2013, o prezo do contrato debe ser sempre superior ao CEP para evitar a destrución de valor.

- O CEP DE 2025 estableceuse en 48,50 céntimos por litro, pero en marzo incrementou en 7 cts polo impacto da guerra (55,50).

A escala de **prezos dos insumos** básicos sufriu variacións directas:

- Enerxía e Combustibles: Incremento do 41% no gasóleo
- Fertilizantes e Químicos: A urea (nitroxenada) subiu un 20%
- Plásticos e Material de Silo: Incremento superior ao 15% debido ao prezo do cru.
- Loxística e Pensos: Risco de desabastecemento e encarecemento das materias primas.

Os **puntos de negociación** irrenunciabes son:

- Prohibición de Venda a Perdas: Calquera contrato por debaixo de 55,50 cts/l supón destrución de valor e unha infracción.
- Valoración do Traballo Propio: O prezo debe cubrir o salario do titular no CEP.
- Axudas do Goberno: A bonificación de 20 cts/l no gasóleo e a baixada do IVE son axudas ao gandeiro por un sobrecoste xa asumido, non un desconto para a industria.
- Cláusulas de Revisión: O contrato debe incluír sistemas de actualización ante a volatilidade extrema.

## PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694  
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

# ENTREVISTA

## Julián Rodríguez, xuíz da Moexmu 2026

**“As decisións políticas van ás veces máis dirixidas a que desaparezamos que a axudarnos”**

**Este é o seu primeiro achegamento á Moexmu?**

Como xuíz é a primeira vez que vou, aínda que como público levo moitísimos anos e algunha vez, cando era máis novo, tamén me tocou preparar vacas.

**Como ve esta feira?**

É un referente en Galicia, pero ademais, en España, é un dos concursos máis antigos e consolidados que hai, cun nivel sempre óptimo.

**Como se chega a ser xuíz?**

O meu é afección desde pequeno, con uns sete anos, cando xa meu pai ía aos concursos de vacas. Ves as competicións, gústanche e logo podes optar, como fixen eu, a xuíz. O procedemento é sinxelo, empezas a facer escolas de xuíces, nas que tes que sacar unhas notas requiridas pola Conafe, cumprir unha serie de requisitos e é a propia confederación a que che propón ser xuíz, posto que podes aceptar ou rexeitar. Eu, no meu caso, aceptei. Desde entón, levo arredor duns tres anos xulgando.

**Como é a experiencia?**

Eu, como experiencia persoal, prefiro levar os meus animais a concurso, aínda que iso non quita que valorar os dos meus compañeiros

sexa unha vivencia enriquecedora. Eu sempre intento impartir a maior xustiza posible.

**Que lugares percorreu?**

Xa sexa como xuíz, como preparador ou levando os meus propios animais, visitas unha gran cantidade de países. España, por exemplo, xa a percorrei de norte a sur e de leste a oeste.

**E ve algunha particularidade noutros países?**

A verdade é que coa Frisona hai unha unificación moi grande a nivel mundial, as vacas son cada vez máis similares en todos os países. Hai un tipo que é para todo o mundo igual, en Galicia; en Francia; Canadá ou nos Estados Unidos, e todos os gandeiros van buscando ese ideal de vaca, polo que a diferenza é ínfima. A maiores de todo iso, a xenética é mundial, polo que a raza é moi uniforme en todos os países, é dicir, podes usar touros italianos, estadounidenses e canadenses.

**Que é o que se valora á hora de xulgar?**

Como comentaba, hai un modelo de vaca mundialmente recoñecida e, polos datos que van recompilando os cualificadores ou controladores, o que se busca é que sexa leiteira, lonxeva e o máis rendible posible para o gandeiro. De aí sacamos ese tipo ideal, que sería o que tería os 100 puntos, é dicir, o perfecto. A vaca ten catro grandes rexións: o sistema mamario, patas e pés, estrutura de capacidade e estrutura leiteira. Aplícase un sistema de porcentaxes; por exemplo, o sistema mamario supón o 42% da cualificación final, as patas un 25% e



as estruturas, tanto a de capacidade como a leiteira, levan o resto da porcentaxe. Comparando esa vaca coa ideal, tes que decantarte pola que máis se lle pareza; por iso tamén se comparan unhas respecto doutras. O principal non é a estética, senón a funcionalidade e a rendibilidade do gandeiro na explotación.

**Respecto ao relevo xeracional, nota que hai interese por ser xuíz ou pola gandaría en xeral?**

Considero que o relevo xeracional é un problema moi grande no sector. Só fai falta mirar as estatísticas: cada día desaparece máis gandeiro, o que desemboca nun menor número activo destas. Moitas veces as políticas que se toman van máis encamiñadas a que desaparezamos que a axudarnos.

**Que prefere, xulgar ou competir?**


Eu prefiro, como xa dixen, competir

cos meus animais antes que xulgar. Por exemplo, un concurso nacional non o xulgaría, senón que iría cos meus animais. Tamén se vive con máis intensidade sendo competidor, tendo os teus animais na pista, xa que xulgando non vives nervios, só intentas ser o máis xusto posible e tratar aos compañeiros coa mesma vara de medir.

**Que opina da xestión da dermatose nodular?**

Nestes momentos nos que hai unha enfermidade chamada dermatose nodular, cómpre dar os parabéns a Moexmu e a todas as administracións por seguir apostando por facer estes eventos tan necesarios e demostrando que, se se quere, hai medidas sanitarias suficientes como para poder facelos sen ningún tipo de risco para os animais nin para a saúde das persoas.

**“A verdade é que coa Frisona hai unha unificación moi grande a nivel mundial, as vacas son cada vez máis similares en todos os países”**



**CONSTRUCCIONES  
CHOLO**

**Telf: 982 510 611-VILALBA  
cholosl@cholosl.com**



**Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea  
Teléfono: 982 330 465**

# Volvendo ás andadas

OPINIÓN



Roberto García  
Secretario Xeral  
Unións Agrarias

**C**alquera gandeiro galego sabe que temos unha industria láctea da que un non se pode fiar. Semellan instalados no modelo de hai 50 anos metendo leite nun cartón, sen mais valor engadido, e facendo as contas na man ás explotacións e non conforme a un contrato libremente acordado. Con este vimbio explícase que cando un mínimo movemento á baixa nas cotizacións do leite nos países con excedentes da UE, se aproveite en Galicia para tirar os prezos 8 céntimos en litro, a pesar de que España é un país deficitario e precisa importar cada ano case unha de cada tres toneladas de produtos lácteos que consume. Unha política comercial ilegal, como tamén viu a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, -e están confirmando distintos tribunais-, cando multou cunha cantidade millonaria, grazas



a unha denuncia de UUAA, ao chamado Cártel do Leite por concertar prezos entre as industrias para pagar menos nas granxas.

Pero a inmoralidade amosada nesta ocasión polas firmas lácteas resulta aínda maior xa que nos atopamos nun momento especialmente complicado polo incremento brutal dos custes de produción pola guerra en Irán, que fixo subir en máis dun 30 %

o combustible, os fertilizantes, os plásticos, etc. E todo iso no momento de maior consumo por parte das explotacións pola operativa dos traballos no campo. Por todo iso chamamos á responsabilidade das industrias e advertimos que non imos aceptar as súas imposicións, porque neste contexto tan adverso poden pechar moitos produtores, sobre todo os máis novos, que veñen de incorporarse e están pagando as

melloras nas explotacións para ser máis competitivos.

Desde Unións Agrarias, vendo as administracións de brazos cruzados, constatamos mediante os controis realizados ás portas das lácteas e corroborados cos datos oficiais sobre importacións, que desde finais do ano pasado a entrada de cisternas de leite foráneo subiu ata nun 160 %. Un aumento que busca distorsionar o mercado e forzar rebaixas no prezo que paga ás explotacións galegas nun claro dumping, porque o que se está pagando en Francia ou Portugal a 43 cts aquí logo véndese a 8 cts. Esta realidade foi posta en coñecemento da Fiscalía e tamén imos trasladalo a CNMC para que abran unha investigación ao respecto. Na semana que vén imos solicitar do Parlamento galego que abra unha comisión de investigación para dunha vez se corte esta maneira tan tóxica de entender as relacións que teñen unhas industrias que ata se atreven a cambiar a orixe do leite nos bricks para dar gato por lebre aos consumidores e consumidoras.

“A inmoralidade amosada nesta ocasión polas firmas lácteas resulta aínda maior xa que nos atopamos nun momento especialmente complicado polo incremento brutal dos custes de produción”

## I.E.S. Plurilingüe San Rosendo



### FORMACIÓN PROFESIONAL



#### FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

AGROXARDINERÍA E COMPOSICIÓNS FLORAIS  
“O teu inicio profesional con nós”



#### CICLO MEDIO

APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL

Modalidade dual (con prácticas remuneradas dende o primeiro ano) e na modalidade ordinaria



#### CICLO MEDIO

XARDINARÍA E FLORARÍA  
Modalidade ordinaria



#### CICLO SUPERIOR

XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL



#### CICLO SUPERIOR

PAISAXISMO E MEDIO RURAL  
Oferta ordinaria e tamén modular nos módulos non comúns co Ciclo Superior de Xestión Forestal e do Medio Natural

# GANDO DE CARNE

## Os tractores encheron as rúas contra Mercosur

Agromuralla e Gandeiros Galegos da Suprema lideraron as protestas polo acordo, que foi xudicializado

Os tractores volveron ocupar durante o inverno as rúas de Lugo. O seu ruxido, grave e persistente, ocupou as rúas da cidade en protesta polo conflito xurdido pola firma do tratado entre a Unión Europea e Mercosur. A escena repetiuse como no pasado, con columnas de vehículos agrícolas avanzando pola cidade, cortes de tráfico, concentracións diante das sedes administrativas e un discurso que se mantivo firme no tempo, pero que non atopou o apoio que necesitaba, malia a parealización conseguida.

As mobilizacións, convocadas polas organizacións Agromuralla e Gandeiros Galegos da Suprema, reuniron centos de gandeiros e gandeiras nas inmediacións da sede da Xunta en Lugo durante dez días. Desde alí, iniciaron varias marchas e varias accións de protesta que os levaron a percorrer o traxecto ata a Subdelegación do Goberno. A presenza de máis dun cento de tractores marcou o pulso da cidade, ocupando un dos carrís da Ronda da Muralla e provocando



retencións de tráfico que evidenciaron, unha vez máis, a capacidade de presión do sector cando decide facer visible o seu descontento. O primeiro periodo de concentracións rematou cando o Parlamento Europeo aprobou, por unha axustada maioría, levar o acordo UE-Mercosur ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. A decisión foi interpretada polos manifestantes como un primeiro paso na boa dirección, unha sinal de que as súas demandas comezaban a ser escoitadas nas institucións comunitarias. A idea de que a mobilización podía influír nas decisións políticas actuou como un elemento de cohesión e de reforzo da súa estratexia. Porén, esa expectativa axiña se viu frustrada. Segundo denunciaron

os convocantes, non se produciron avances concretos nin respostas claras por parte das autoridades, nin a nivel estatal nin europeo. As reunións solicitadas co delegado do Goberno, coa subdelegada e cos eurodeputados continuaron sen resposta, alimentando a sensación de abandono entre os profesionais do campo. A indignación, aseguran, era xeralizada e non se limitaba a Galicia, senón que se estendía a outros territorios do Estado e mesmo a outros países europeos afectados polas implicacións do tratado. Ao final, volveron as rúas nunha nova concentración pero sen o apoio esperado. Os políticos de todos os partidos que acudiron ás primeiras concentracións asegurando a súa comprensión e apoio acabaron con novos enfrontamentos nas

palestras. Na Deputación os tres partidos presentaron cada un a súa moción de apoio ao conflito deixando clara a falta de unidade. Esta sucesión de votacións, tanto a nivel estatal como municipal, contribuíu a configurar un escenario no que o acordo UE-Mercosur non só é un asunto económico, senón tamén un elemento de confrontación política. As acusacións cruzadas entre as diferentes forzas evidenciaron a dificultade de articular unha posición común nun tema que afecta de maneira directa a un dos piares da economía galega. As organizacións agrarias destacaron que a presión social exercida en Galicia, no conxunto do Estado e en outros países europeos foi determinante para forzar a revisión do acordo.

As  
organizacións  
agrarias  
destacaron que  
“a presión social  
exercida foi  
determinante  
para forzar a  
revisión do  
acordo”

**L LAMAS**  
**INGENIERIA**

HOMOLOGACIÓN Y LEGALIZACIÓN DE VEHÍCULOS Y MÁQUINAS  
AGRICOLA FORESTAL INDUSTRIAL

**L LAMAS**  
**INGENIERIA**

ivan@lamasingeneria.com info@lamasingeneria.com  
Castro Ribeiras de Lea 606 456 856

**Neumáticos VILLALBA** **HANKOOK masters**

VENTA Y REPARACIÓN DE NEUMÁTICOS  
ALINEADOS DE DIRECCIÓN  
RECARGA AIRE ACONDICIONADO  
CAMBIOS DE ACEITE Y FILTROS  
DISCOS Y PASTILLAS DE FRENO  
AMORTIGUADORES  
RÓTULAS DE DIRECCIÓN  
LLANTAS  
BATERÍAS  
ACCESORIOS

**CREDIT**  
Financia tus compras sin intereses

**DAMOS SERVICIO A LAS MEJORES COMPAÑÍAS DE RENTING**

LUNES A VIERNES DE 9:30 A 20:00

Teléfono y Fax. - 982 51 11 28  
Av. Galicia, 83 bajo - 27800 VILALBA (Lugo)

www.neumaticosvillalba.es  
www.facebook.com/neumaticosvillalba

HANKOOK BRIDGESTONE MICHELIN GOODYEAR PIRELLI DUNLOP NOKIA TOYOTA Continental

## O ACORDO

O acordo entre a Unión Europea e Mercosur converteuse así no epicentro dun conflito que vai máis alá das cifras e dos aranceis. Para o sector agrogandeiro galego, representa unha ameaza directa ao seu modelo produtivo, baseado en explotacións pequenas e medianas que, segundo denuncian, non poden competir en igualdade de condicións cos produtos procedentes de países onde as esixencias ambientais, sanitarias e laborais son diferentes. Esta preocupación foi tamén levada ao ámbito político, onde o debate arredor do acordo deixou ao descuberto profundas discrepancias. A senadora do BNG, Carme da Silva, denunciou recentemente o voto en contra de PP e PSOE a unha moción nacionalista que instaba o Goberno a mudar a súa posición e rexeitar o tratado polos seus efectos negativos sobre o sector galego. Segundo a representante nacionalista, ambas formacións estatais volveron dar as costas a un sector estratéxico para Galicia. Da Silva foi especialmente crítica coa postura do Partido Popular, ao que acusa de manter un discurso contradictorio. “Din defender o sector en Galicia, mais todas as veces que tiveron que votar,

votaron a favor do acordo”, sinalou, subliñando o que considera unha falta de coherencia entre o discurso e a práctica política. Para a senadora, esta última votación serviu para clarificar as posicións e para que a cidadanía coñeza con maior precisión onde se sitúa cada forza política. Desde o BNG manteñen unha oposición frontal ao acordo UE-Mercosur, que consideran prexudicial para a economía galega. Na defensa da iniciativa no Senado, Da Silva enumerou os principais problemas que, ao seu xuízo, presenta o tratado: a importación de alimentos producidos a milleiros de quilómetros, en contradición cos obxectivos europeos de fomentar o consumo de proximidade; a utilización de fitosanitarios prohibidos na Unión Europea; e as condicións laborais nas explotacións dos países exportadores. Estas críticas conectan directamente coas demandas expresadas nas rúas de Lugo. Os gandeiros e agricultores mobilizados insisten en que non se opoñen ao comercio internacional en si mesmo, senón a un modelo que, din, non garante a competencia en igualdade de condicións. Reclaman controis máis estritos, cláusulas que aseguren o cumprimento das normativas europeas e unha

protección efectiva para as explotacións locais.

## REGRESO ÁS EXPLOTACIÓNS

Mentres tanto, nas explotacións, a realidade continúa marcada por múltiples desafíos. O incremento dos custos de produción, os recortes na PAC e a presión dun mercado cada vez máis globalizado conforman un contexto no que moitos profesionais do campo ven ameazada a súa viabilidade. Neste escenario, o acordo con Mercosur percíbese como un factor adicional de incerteza, capaz de agravar unha situación xa de por si complexa. As mobilizacións de Lugo, co seu carácter persistente e a súa capacidade de mobilización, convértense así nun reflexo desta realidade. Non son só unha protesta contra un tratado concreto, senón a expresión dun malestar máis amplo, que interpela tanto ás institucións europeas como ás estatais e autonómicas. O ruído dos tractores, que volve escoitarse con forza nas rúas da cidade, foi tamén unha chamada de atención sobre o futuro do rural. A medida que o proceso xudicial europeo avance, e que se definan as posicións políticas nas diferentes institucións, o sector agrogandeiro terá que decidir como continuar a súa estratexia.



USC

# A xestión da auga na Terra Chá

## Auga, innovación e futuro: claves para unha agricultura sostible en Galicia

**Javier J. Cancela Barrio**  
**Dr. Ingeniero Agrónomo**  
**Escola Politécnica Superior de**  
**Enxeñaría**  
**Universidade de Santiago de**  
**Compostela**

A adecuada xestión da auga é un aspecto crucial para o desenvolvemento dos cultivos e, polo tanto, para o desenvolvemento social e económico dunha comunidade como a galega, na cal a agricultura conta cun peso moi relevante do produto interior bruto galego. A pesar de que os requirimentos hídricos dos cultivos son lixeiramente inferiores en Galicia en comparación co resto de España, o achegue das necesidades hídricas debe ser adecuado, aplicándose no momento correcto e na cantidade xusta. Na Terra Chá realizáronse diversos

estudos en relación ás necesidades hídricas de cultivos como o millo e a herba para forraxe, empregando recursos hídricos extraídos directamente de ríos como o Miño, o que permite coñecer de primeira man os coeficientes culturais (Kc) a empregar en cada caso, o que xunto coas condicións meteorolóxicas facilita coñecer que cantidade de auga aplicar. Axudas para a dixitalización dos regadíos, derivadas dos fondos do PERTE, permitirán un maior control dos recursos hídricos, ademais de coñecer a cantidade de auga dispoñible no solo. Esta axuda finalizará a súa implementación na campaña de rega actual, 2026, garantindo un uso sostible dos recursos hídricos.

A pesar das melloras realizadas en Comunidades de Regantes, como a de Río Miño-Pequeno-Anllo, existen



liñas de actuación a explorar como a incorporación de fontes de auga como a auga rexenerada procedente de Estacións Depuradoras de Augas Residuais, ou de pequenas instalacións de depuración. Estes recursos son estables temporalmente e garanten a subministración ao longo de todo o ano. Proxectos como I-ReWater (Interreg SUDOE), actualmente en curso, están a analizar a viabilidade en diversos pilotos de zonas de Francia, Portugal e España. Ata o momento, os resultados amosaron que é necesario analizar caso por caso a situación e viabilidade do uso da auga rexenerada. Os custos de implementación da instalación (redes), así como a aceptación social, son dous aspectos cruciais a estudar conxuntamente, evitando problemas tras a posta en marcha do proxecto. Non menos relevante é a burocracia existente de cara á obtención de permisos de uso da auga rexenerada, incluíndo ao operador e explotador entre os axentes implicados, ademais da necesidade de levar a cabo un Plan de Riscos (sanitario e ambiental), estes

últimos de recente aprobación.

Desde a EPSE de Lugo, en particular o Grupo de Investigación PROePLA, da Universidade de Santiago de Compostela, realizamos múltiples accións de concienciación respecto deste recurso por diversas vías: xornadas de sensibilización, de portas abertas, participativas, clases (Primaria, secundaria, Universidade), workshops e mesmo catas de cervexas elaboradas con lúpulo regado con augas rexeneradas. Os resultados son esperanzadores, pois en todas as accións se obtiveron respostas positivas por parte dos participantes.

A medio prazo, a produción de alimentos de forma segura requirirá do uso de todas as fontes posibles de auga, o que habitualmente se denomina o 'mix de fontes de auga', minimizando así o uso de recursos hídricos empregados para o abastecemento da poboación humana. O uso circular de todos os recursos é un obxectivo global, que desde a Unión Europea se impuxo en materias como a auga e noutras moitas materias primas

imprescindibles para a agricultura. A innovación aplicada sobre o terreo é un aspecto clave para o futuro do sector agrogandeiro, onde actores como a Universidade de Santiago, máis concretamente a investigación agraria desenvolvida na EPSE-Campus Terra, son unha peza clave para a xeración dun ecosistema de innovación co que facer as nosas explotacións e industrias agrarias máis resilientes ante os cambios futuros, tanto ambientais como legislativos. Hoxe máis ca nunca precisamos persoas con ideas, curiosidade e ganas de mellorar o mundo. Se che interesa a tecnoloxía, o medio ambiente ou como se producen os alimentos que consumimos cada día, a enxeñaría agrícola pode ser o teu camiño. Aquí poderás traballar con innovación, sostibilidade e solucións reais para retos como o uso eficiente da auga ou a produción de alimentos de calidade. É unha oportunidade para construír un futuro con impacto, conectando ciencia e territorio. Porque o futuro da alimentación... tamén pode comezar contigo.



CAIXA RURAL GALEGA

60 anos medrando contigo!

caixaruralgalega.gal

caixa pay

Síguenos!

Instagram Facebook LinkedIn YouTube

# NOVAS TECNOLOXÍAS

## A fenda dixital no rural: un reto pendente

### Un informe revela que o 28 % das persoas nos pobos teñen un acceso nulo ou moi baixo

A transformación dixital deixou de ser unha opción para converterse nun elemento estrutural da vida no medio rural. Así o pon de manifesto o informe “Redes con raíces”, elaborado por Fademur en colaboración coa Universidade Complutense de Madrid, que analiza como a expansión das tecnoloxías está a modificar o día a día nos pobos. O estudo advirte de que, malia os avances, persisten importantes desigualdades no acceso e uso das ferramentas dixitais, especialmente entre as mulleres, as persoas maiores e os perfís máis vulnerables.

Internet consolidouse como unha infraestrutura básica para cuestións tan cotiás como facer xestións administrativas, acceder a servizos ou manter relacións sociais. Porén, esta integración non é homoxénea. A chamada fenda dixital segue moi presente e combínase con factores como a idade, o nivel formativo ou a situación laboral. De feito, o informe revela que un 28% das persoas presenta unha baixa autonomía dixital, unha realidade que se concentra en idades avanzadas e en contornas máis ruralizadas, o que aumenta o risco de exclusión

social.

Neste escenario, as mulleres rurais destacan como axentes clave do cambio. Participan máis en programas formativos, amosan maior interese polas tecnoloxías e, en moitos casos, lideran procesos de adaptación no seu entorno. Non obstante, esta implicación tamén leva consigo unha carga engadida: son elas quen, maioritariamente, asumen tarefas dixitais relacionadas coa xestión do fogar, trámites administrativos ou coidado das relacións familiares, sen que ese traballo sexa visibilizado nin recoñecido.

A investigación tamén introduce unha dimensión pouco abordada ata o de agora: o impacto emocional da dixitalización. Sentimentos como o medo a cometer erros, a vergoña ou a desconfianza cara á tecnoloxía condicionan a aprendizaxe e o uso das ferramentas dixitais. Case a metade das persoas enquisadas considera que a tecnoloxía avanza máis rápido do que pode asumir, mentres que unha porcentaxe significativa preferiría non depender tanto do mundo dixital.

Fronte a esta realidade, as redes



de apoio próximas convértese nun elemento esencial. Fillos e fillas, amizades ou asociacións desempeñan un papel fundamental no acompañamento, mentres que o apoio institucional segue a ser escaso. Ao mesmo tempo, o entorno dixital abre novas oportunidades: cada vez son máis as mulleres que empregan as redes sociais para visibilizar o seu traballo, combater estereotipos e xerar ingresos, contribuíndo a construír unha imaxe máis realista e dinámica do rural.

Nesta liña, programas como Pueblos en Clave Digital, impulsado por FADEMUR e UPA, amosan que a formación adaptada pode marcar a diferenza. A iniciativa chegou a 177 municipios e permitiu formar máis de 3.200 persoas, das cales máis do 75% son mulleres.

Cunha media de idade de arredor de 61 anos, o programa evidencia que tamén os colectivos con maiores dificultades poden incorporarse con éxito ao ámbito dixital se contan co apoio axeitado.

A loita contra a desinformación e os riscos asociados á rede é outro dos desafíos sinalados polo informe, que aposta por reforzar o pensamento crítico e garantir o acceso a información veraz. En definitiva, a dixitalización pode ser unha oportunidade para fixar poboación, mellorar a calidade de vida e impulsar o desenvolvemento rural, pero só será efectiva se se abordan de maneira integral as desigualdades de xénero, idade e territorio. O futuro do rural tamén se xoga no ámbito dixital, e facelo en igualdade é o gran reto pendente.

As mulleres rurais destacan como axentes do cambio, amosando maior interese nas tecnoloxías e liderando procesos de adaptación na súa contorna

**EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS**





**INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA**

**MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN**



**CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL**



**CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO**

**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**



**ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA**



**TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...**

**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**



**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**

[www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)

**MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com**

# PORCO CELTA

## A raza autóctona galega profesionalízase

### Implementou un novo sistema de trazabilidade e abriuse ao mercado portugués e á promoción

A campaña 'Tan Nos' marca o inicio dun novo ciclo de accións destinadas a reforzar a conexión entre o produto e a identidade galega

O Porco Celta vive un momento de transformación que combina tradición e modernidade nun equilibrio cada vez máis decisivo para o seu futuro. A raza porcina autóctona de Galicia, que hai apenas unhas décadas loitaba por sobrevivir, consolida agora o seu posicionamento no mercado a través de novas vías de comercialización, ferramentas tecnolóxicas pioneiras e campañas que apelan á identidade cultural do país. O traballo desenvolvido pola Asociación de Criadores de la Raza Porcina Celta (Asoporcel) está a marcar unha nova etapa na que a trazabilidade, a internacionalización e a promoción convértense en piares fundamentais. Un dos avances máis significativos neste proceso é a posta en marcha dun sistema pioneiro de trazabilidade total que permitirá ao consumidor coñecer con detalle a orixe e o percorrido de cada peza de carne. A través



dun código QR incorporado ás etiquetas, será posible acceder a información completa sobre o animal, desde a granxa de procedencia ata o matadoiro e a industria transformadora. Trátase dun salto cualitativo que sitúa a Galicia á vangarda neste ámbito, ao converterse na primeira comunidade en ofrecer un sistema destas características para unha carne autóctona. Este mecanismo baséase nun sistema de certificación dixital apoiado en tecnoloxía blockchain, o que garante a inviolabilidade dos datos e a súa transparencia. O consumidor poderá consultar aspectos como o número de precinto, o sexo e a idade do animal, a data de sacrificio, o nome do propietario, a localización da granxa, o peso da canal ou mesmo o técnico responsable do proceso. Toda esta información, verificada e segura, supón un reforzo da confianza nun contexto no que a trazabilidade e a seguridade alimentaria son cada vez máis valoradas. Desde Asoporcel subliñan que esta innovación non só beneficia ao consumidor, senón que tamén contribúe a poñer en valor o traballo das explotacións. A maioría das granxas de Porco Celta en Galicia son de carácter familiar e de pequeno tamaño, o que fai que a diferenciación pola calidade e pola transpa-

rencia sexa clave para garantir a súa viabilidade. Neste sentido, a trazabilidade total convértese nunha ferramenta estratéxica para reforzar a competitividade e adaptarse ás esixencias da nova Política Agraria Común. O desenvolvemento deste sistema enmárcase no proxecto Asoporcel, financiado con fondos europeos a través do Feader e integrado na estratexia comunitaria Farm to Fork, que promove unha cadea alimentaria máis sostible e transparente. A primeira proba realizouse a finais de outubro e está previsto que o sistema estea plenamente operativo este ano, abrindo unha nova etapa para o sector.

#### O MERCADO INTERNACIONAL

Paralelamente á innovación tecnolóxica, o Porco Celta está a explorar novas oportunidades no mercado internacional. Un dos fitos recentes foi o inicio da exportación de leitóns a Portugal, unha vía que se presenta como alternativa complementaria á comercialización de animais cebados. A primeira operación realizouse desde a granxa Outeiro de Manzadán, no concello do Corgo, onde se enviou un lote de exemplares á empresa lusa Provara, con sede en Oporto. Esta apertura ao mercado portugués responde á demanda

existente no país veciño, onde a hostalaría require animais de entre 10 e 15 quilos, especialmente en épocas de alto consumo como o Nadal, a Semana Santa ou o verán. As características do Porco Celta, cunha conformación longa e estreita semellante á do bísaro portugués, facilitan a súa adaptación a este mercado. A exportación de leitóns supón, ademais, unha oportunidade para diversificar os ingresos das explotacións e reducir a dependencia dun único canal de comercialización. Nun contexto marcado pola volatilidade dos prezos e pola variación do consumo, esta nova vía pode contribuir a dotar de maior estabilidade ao sector. Desde Asoporcel insisten en que o crecemento do número de granxas e da súa dimensión está directamente ligado á existencia de saídas comerciais para os animais. Na actualidade, Galicia conta con arredor de 140 granxas de Porco Celta, cun censo aproximado de 4.000 exemplares, dos cales uns 500 son nais reprodutoras e preto dun cento sementais. Aínda que predominan as explotacións familiares, nos últimos anos comezaron a xurdir iniciativas de maior tamaño, nun proceso de evolución que busca consolidar a raza como unha opción viable dentro do sector gandeiro. A internacionalización, con



Rúa Guitiriz, 8 baixo - 27800 Vilalba (Lugo) ☎ 982 51 20 88 ☎ 689 00 70 41  
www.xister.es



Lg. S. Esteban de Árbol, s/n.  
27818 VILALBA (LUGO)

Teléfonos: 982 502 110  
695 634 445

productosagricolasosainto@gmail.com



todo, non está exenta de retos. A exportación de animais vivos require cumprir unha serie de requisitos administrativos e sanitarios, como a inscrición no sistema europeo Traces, o rexistro como operador comercial e a tramitación da documentación veterinaria correspondente. A pesar destas esixencias, desde a asociación consideran que se trata de trámites asumibles e animan ás explotacións a explorar esta oportunidade.

#### A PROMOCIÓN

Xunto á innovación e á apertura de mercados, a promoción segue a ser outro dos eixos fundamentais para o desenvolvemento do Porco Celta. Neste ámbito,

a campaña *Tan Noso* marca o inicio dun novo ciclo de accións destinadas a reforzar a conexión entre o produto e a identidade galega. O spot, estreado coincidindo co comezo da campaña de Nadal, propón un percorrido visual polos elementos que definen o país: a paisaxe, o Camiño de Santiago, a Costa da Morte, o Entroido, a gastronomía ou a música tradicional.

A peza audiovisual conta coa música do compositor Abraham Cupeiro e coa voz do actor Luís Iglesia, nunha combinación que busca transmitir emoción e pertenza. O Porco Celta preséntase así non só como un produto alimentario, senón como un símbolo cultural que forma parte do patrimonio colectivo de Galicia.

Desde Asoporcel destacan que esta campaña é tamén un recoñecemento ao traballo realizado durante décadas para recuperar a raza, un labor que implicou a numerosos criadores e entidades. A aposta pola comunicación emocional e pola difusión en medios de comunicación e as redes sociais responde á necesidade de conectar co consumidor e de reforzar o prestixio do produto.

A iniciativa inclúe tamén accións complementarias, como o "Adviento con Porco Celta x Galicia Calidade", unha colaboración que promove o consumo destes produtos durante as festas mediante sorteos e actividades nas redes sociais. O obxectivo é aumentar a visibilidade e fomen-

tar a presenza do Porco Celta nas mesas galegas nun momento clave para o consumo.

De cara ao futuro, a asociación xa traballa en novas propostas que verán a luz en 2026, en colaboración con diferentes administracións e entidades. A intención é seguir ampliando o alcance das accións de promoción e explorar novos formatos que permitan chegar a un público máis amplo. Neste contexto, o Porco Celta aparece como un exemplo de como un produto tradicional pode reinventarse sen perder a súa esencia. A combinación de innovación tecnolóxica, diversificación comercial e reivindicación cultural configura unha estratexia que busca garantir a súa sustentabilidade a longo prazo.

O camiño non está exento de dificultades, pero os avances dos últimos anos evidencian que a raza conta cunha base sólida sobre a que construír o seu futuro. Desde as granxas familiares que manteñen viva a tradición ata os novos proxectos que apostan pola modernización, o Porco Celta segue a abrirse paso, consolidándose como un produto de calidade que leva consigo unha parte fundamental da identidade galega.

Dentro da promoción inclúese a presenza do produto en feiras gastronómicas ao longo de todo o territorio autonómico, sempre como un produto autóctono. En Friol vén de celebrarse a tradicional feira dedicada a esta alimento tan galego.

**COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO**

**982 55 86 00**

**ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL**

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

**Hijos de  
Ramón Rubal**

[www.hijosderamonrubalsl.es](http://www.hijosderamonrubalsl.es)  
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

# A CARÓN DO AGRO

## Berce dun ecosistema empresarial en expansión

### Xurdiron negocios que ofrecen asesoría, servizos bancarios ou traballos agrarios e forestais

Co paso dos anos, arredor do sector agrario foise tecendo na Terra Chá unha sólida rede empresarial que medra ao compás da modernización do rural. Este ecosistema, diverso e complementario, abrangue dende a asesoría técnica ata os servizos no campo, pasando pola transformación de produtos, o subministro de materiais e o apoio financeiro, configurando un soporte esencial para a actividade agrícola e gandeira. En conxunto, este entramado empresarial amosa a fortaleza e capacidade de adaptación da Terra Chá, onde tradición e innovación camiñan da man para garantir o futuro do sector primario.

#### ASESORÍA E ENXEÑARÍA RURAL

O labor técnico e administrativo constitúe unha peza clave no funcionamento do agro actual. Empresas especializadas ofrecen

servizos que van dende o deseño de proxectos gandeiros e agrícolas ata a tramitación de subvencións, legalizacións ou informes técnicos. Tamén realizan medicións, valoracións de fincas e peritaxes, ademais de asesorar en cuestións fiscais, contables e administrativas para particulares, cooperativas e sociedades. Neste ámbito destaca **Xister**, en Vilalba, como referente en enxeñaría rural e apoio integral ao sector.

#### SERVIZOS AGRARIOS

A execución práctica dos traballos agrícolas recae en empresas que achegan medios técnicos e experiencia profesional para facilitar as tarefas máis esixentes. Encárganse da preparación de terras, sementeiras, ensilados, recolección de forraxes, desbroces ou plantacións, adaptándose ás necesidades de cada explotación. Tamén son

habituais labores como a trituración tras talas, limpeza de fincas ou reforestación. Exemplos destacados son **Transformacións Agrarias Isidro Hermanos Blanco Trigo**, en Outeiro de Rei, que ten a dobre vertente da obra pública, e **Construcións CHOLO, S.L.**, en Vilalba, que combina a obra civil coa produción de materiais e servizos ligados ao rural, incluíndo áridos específicos para camas de gando e xestión de residuos.

#### TRABALLOS AGROFORESTAIS

Xunto ás grandes empresas, existen iniciativas máis pequenas que achegan coñecemento e proximidade. É o caso de **Servizos Agroforestales Seoane**, en San Lorenzo de Árbol (Vilalba), cunha traxectoria de máis de dúas décadas realizando traballos no ámbito forestal e agrario, mantendo un enfoque baseado na experiencia e na adaptación ás necesidades locais.

#### TECNOLOXÍA APLICADA ÁS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS

A modernización das granxas está marcada pola incorporación de novas tecnoloxías que melloran a produtividade e o benestar animal. Empresas como **Tecnoagri** apostan por sistemas avanzados como o muxido robotizado, que permite optimizar o rendemento das explotacións, reducir a carga de traballo e garantir unha maior calidade do leite. Estes sistemas contribúen tamén á saúde do gando e á eficiencia global das explotacións.

#### EMPRESAS PROCESADORAS E COMERCIALIZACIÓN

A produción do rural precisa canles de transformación e saída ao mercado. Neste eido destacan compañías como **Grupo Entrepinares**, en Vilalba, dedicada á elaboración



de queixos e derivados lácteos, ou **Patatas Vilalba**, especializada na distribución de pataca tanto a particulares como a pequenos comercios. Tamén sobresaen **Hijos Ramón Rubal**, con décadas de experiencia na xestión forestal no norte de Galicia e Asturias, exemplificando a importancia do aproveitamento sostible dos recursos.

#### EMPRESAS SUBMINISTRADORAS

O funcionamento do sector depende tamén do acceso a materiais e insumos. Empresas como **Prefabricados y Hierros Tourón**, en Sarria, ofrecen solucións en ferralla e prefabricados de formigón, abarcando dende o deseño ata a montaxe de estruturas. Pola súa parte, **Productos Agrícolas O**

**Santo**, en Vilalba, fornece pensos, fertilizantes, sementes e todo tipo de produtos necesarios para o día a día no campo, converténdose nun apoio fundamental para agricultores e gandeiros.

#### SERVIZOS BANCARIOS ESPECIALIZADOS

O tecido agrario precisa tamén respaldo financeiro adaptado ás súas particularidades. **Caixa Rural Galega** cumpre este papel como entidade de crédito vencellada historicamente ao rural, ofrecendo produtos financeiros que van dende contas e préstamos ata seguros agrarios e plans de investimento. O seu coñecemento do sector permítelle dar resposta ás necesidades de agricultores, gandeiros, autónomos e empresas.



**GRAO** ENXEÑARÍA AGRÍCOLA E AGROALIMENTARIA  
ENXEÑARÍA CIVIL  
ENXEÑARÍA FORESTAL E DO MEDIO NATURAL  
PAISAXE (Interuniversitario coa UDC)  
ROBÓTICA

**ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA**  
à vangarda da tecnoloxía

Todos os títulos habilitantes contan co Selo Internacional de Calidade EUR-ACE

**100% EMPREGABILIDADE**

Docencia práctica e aplicada  
Convenios con máis de 500 empresas

Solucións intelixentes para facer da **TERRA**  
un lugar habitable e con futuro.

**MÁSTER** ENXEÑARÍA AGRÓNOMA  
ENXEÑARÍA DE MONTES  
DIRECCIÓN DE PROXECTOS  
PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TERRITORIAL  
SISTEMAS AÉREOS NON TRIPULADOS (coa UVigo)

# FORMACIÓN

## A profesionalización a través dos ciclos

### O IES San Rosendo de Mondoñedo ten unha ampla oferta sobre o sector agroforestal

O IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo consolídase como un dos centros de referencia na formación agroforestal en Galicia, cunha oferta educativa ampla e adaptada ás necesidades actuais do sector primario. A súa proposta formativa abrangue distintos niveis e especialidades, facilitando ao alumnado unha inserción laboral cualificada nun ámbito con crecente demanda.

Á cabeza desta oferta sitúase o ciclo superior de Xestión Forestal e do Medio Natural, unha titulación orientada á planificación e aproveitamento sostible dos recursos naturais. As súas saídas profesio-

nais inclúen a xestión de empresas forestais, viveiros, espazos cinxéticos e piscícolas, así como labores de vixilancia e conservación en espazos naturais protexidos.

No nivel medio, o centro imparte o ciclo de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, dispoñible tanto en modalidade ordinaria como en dual intensiva. Esta última combina formación académica e experiencia en empresa, permitindo ao alumnado recibir unha remuneración durante o período formativo e favorecendo unha elevada taxa de inserción laboral. As oportunidades profesionais abranguen desde

traballos en empresas forestais ata especializacións como maquinista de procesadora, motoserrista, operario en viveiros ou experto en traballos en altura.

A oferta complétase co ciclo básico de Agroxardinería e Composicións Florais, que permite obter o título de técnico profesional básico e acceder posteriormente a ciclos de grao medio. Esta formación capacita para desenvolver tarefas en produción de plantas, mantemento de xardíns, ornamentación floral ou decoración de espazos, ademais de habilitar para a aplicación de tratamentos fitosanitarios de nivel básico.

Este mesmo curso, o centro incorporou o ciclo medio de Xardinaría e Floraría, ampliando así as opcións formativas nun ámbito con importantes saídas profesionais. Así mesmo, continúa a impartición do ciclo superior de Paisaxismo e Medio Rural, que se ofrece en modalidade presencial e sen necesidade de cursar previamente outros ciclos superiores da mesma



rama.

Boa parte da formación desenvólvese na Granxa do centro, unha finca dotada co equipamento necesario para a aprendizaxe práctica. Estas instalacións complétanse con recursos innovadores como un simulador forestal, que permite ao alumnado adquirir experiencia en contornas controladas e adaptadas ás esixencias reais do sector. A formación refórzase ademais

con prácticas en empresas de referencia, tanto en Galicia como noutras comunidades, e coa participación no programa Erasmus+, que facilita estadias formativas no estranxeiro. Todo isto contribúe a configurar un itinerario formativo completo, que permite ao alumnado especializarse e continuar a súa traxectoria profesional dentro da propia comarca ou máis aló..

## RAZA GALIÑA DE MOS, A AUTÉNTICA!!!



# AS FERRAMENTAS

## As máquinas que lideran o traballo no rural

### Están a transformar o traballo diario de agricultores e gandeiros

#### Agrícola Veres (Guitiriz)

Destaca pola súa ampla oferta de maquinaria agrícola, gandeira e forestal, complementada cun completo catálogo de produtos de xardinaría e recambios. A empresa tamén aposta pola reutilización, cunha sección de maquinaria usada en excelentes condicións. Nos últimos tempos, deu un paso decidido cara á innovación sustentable, incorporando maquinaria con baterías e converténdose en punto de recollida de baterías de litio. Ademais, puxo en marcha un servizo de préstamo de equipos.

#### RyS Sesacar (Vilalba)

Constrúe a súa actividade arredor do subministro de recambios e produtos agrícolas, industriais e de automoción, así como maquinaria de xardín. O seu valor diferencial reside nun taller propio altamente especializado, onde fabrican latiguillos hidráulicos, de freo e de aire acondicionado. A maiores, realizan reparacións de maquinaria de xardinaría, bombas hidráulicas ou orbitroles, así como traballos de mecanizado e fabricación de pezas. Todo isto cun enfoque claro: mellorar a produtividade, reducir custos

e apostar por solucións duradeiras mediante marcas de referencia.

#### Reparacións Carlos (Xermar)

Continúa medrando cunha proposta centrada na venda e reparación de vehículos comerciais e agrícolas. A súa oferta complétase cunha variada gama de ferramentas para monte e xardín. Nesta época do ano, a demanda céntrase especialmente en cortacéspedes e desbrozadoras, con opcións que van dende modelos tradicionais ata os máis avanzados tecnoloxicamente. Os robots de corte seguen gañando protagonismo entre os clientes.

#### Corbar Maquinaria Agrícola (Sarria)

Dedicada ao deseño, fabricación e comercialización de maquinaria agrícola, a súa evolución foi constante, adaptándose ás novas necesidades e incorporando tecnoloxía que permite un traballo eficiente. Dispoñen dunha tenda de recambios que reforza o seu servizo integral ao cliente. Son distribuidores de Lemken, trituradoras Serrat e rodillos Llorente.

#### Lamas Ingeniería (Castro Ribeiras de Lea)

Especialízase na homologación e legalización de vehículos e maquinaria industrial, agrícola e forestal. O seu labor resulta clave para poñer ao día vehículos antigos, como remolques agrícolas con documentación desactualizada. Tamén traballan na homologación de equipos como palas cargadoras ou manipuladoras telescópicas, garantindo o cumprimento da normativa.

#### Neumáticos Vilalba (Vilalba)

Neumáticos Vilalba evolucionou dende a súa actividade inicial na venda de pneumáticos cara a un modelo de taller de mecánica rápi-



#### TRACTOR VALTRA S316



da. Hoxe ofrece solucións completas que inclúen mantemento de aire acondicionado, cambios de aceite e filtros, sistemas de freado, amortiguadores ou baterías, converténdose nun punto de referencia para o mantemento integral do vehículo.

#### Millares Torrón (Lugo)

Empresa consolidada cunha longa traxectoria no ámbito da maquinaria

agrícola e de xardinaría. A súa actividade abrangue a venda, reparación e distribución de equipos, así como o alugueiro e a subministración de recambios. Dispón de amplias instalacións e dun importante stock, ofrece servizo técnico especializado e traballa con marcas recoñecidas como distribuidor oficial. Ofrece solucións adaptadas, con asesoramento e servizo postvenda.

**BOSCH Service**

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

HUSQVARNA Bosque y Jardín CARLOS

**Reparaciones Carlos, s. L.**

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
jcpenelas@bosch-bcs.com

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES  
**SEOANE**

**P**atatas ©  
**Vilalba, S.L.**

Tels.: 651 037 211  
982 512 542  
Polígono Industrial  
27800 VILALBA (Lugo)

ROBOT AUTOMOWER HUSQVARNA



Comercializa: Reparaciones Carlos

CORTACÉPEDE HUSQVARNA RIDER R 214TC CONFORT



Comercializa: Reparaciones Carlos

Creáronse varias empresas que converteron nun pilar fundamental para o sector os servizos de venda, reparación e alugueiro de maquinaria

JCB FASTRAC CON STRIPTILL CONCEPT



Comercializa: Millares Torrón

TRITURADORA SERRAT EVOLUTION REVERSIBLE

Comercializa: Corbar



TRACTOR DESBROZADORA OLEO-MAC APACHE 92 PRO




Comercializa: Agrícola Veres (tamén en alugueiro)

RODILLO LLORENTE X-LONG



Comercializa: Corbar

PODADORA TELESCÓPICA



Comercializa: Agrícola Veres

Restaurante **Suso**

Plaza de Galicia, 7 - Castro Riberas de Lea (Lugo)  
[www.restaurantesuso.com](http://www.restaurantesuso.com)  
[info@restaurantesuso.com](mailto:info@restaurantesuso.com)



RESERVAS  
 Tel. 982 31 00 37

MENÚ DO DÍA  
 MENÚ FIN DE SEMANA  
 ALMORZOS  
 VIÑOS E TAPAS  
 PRATOS COMBINADOS  
 PIZZAS CASEIRAS  
 HAMBURGUESAS



CONSUMO DE CARNES DE GANDERÍA PROPIA

AS NOSAS ESPECIALIDADES:  
 Ameixas á mariñeira, Bacalao Portuguesa, Anguias, Carnes á grella e á pedra...

Dispoñemos de Salóns con capacidade para 75 e 120 persoas



Tódolos días en: [restaurantesuso.com/menú-dixital](http://restaurantesuso.com/menú-dixital)



[www.blancotrigo.com](http://www.blancotrigo.com)  
[informacion@blancotrigo.com](mailto:informacion@blancotrigo.com)

CASTELO, 1  
 27152 OUTEIRO DE REI (LUGO)  
 Tel. 982 393 286  
 Fax 982 399 805  
 Móviles: 608 185 597 - 608 588 315  
 608 988 861 - 608 082 666



# PRODUCCIÓN QUEIXEIRA

## Os queixos que conquistan economía e padales

### A DOP San Simón da costa consolida a produción preto das 600.000 pezas e as 69 explotacións

A Denominación de Orixe Protexida San Simón da Costa reafirma a súa fortaleza produtiva cun volume que se mantén estable arredor das 600.000 unidades anuais. No exercicio 2025, as nove queixerías inscritas certificaron un total de 598.519 pezas, o que supón unha continuidade respecto ao ano anterior e evidencia a consolidación deste produto como un dos referentes do sector agroalimentario galego.

En termos de peso, a produción acadou os 561.150,57 quilos de queixo certificado, cifras moi semellantes ás rexistradas en 2024, cando se superaron lixeiramente os 563.000

quilos. Esta estabilidade tamén se reflicte no valor económico xerado, que se sitúa arredor dos cinco millóns de euros anuais, confirmando o peso estratéxico desta denominación tanto para a economía local como para o conxunto da provincia de Lugo.

Outro dos indicadores clave é o volume de leite empregado na elaboración. Durante o último ano recolléronse máis de 5,5 millóns de litros procedentes de 69 explotacións gandeiras, o que supón unha lixeira redución no número de produtores respecto ao exercicio anterior. Este dato contrasta co incremento do número de industrias inscritas, que continúan apostando pola produción baixo o selo de calidade da DOP.

A evolución dos últimos anos amosa un modelo produtivo estabilizado, no que a eficiencia e a especialización das queixerías permiten manter os niveis de produción a pesar das variacións no número de explotacións. Trátase dun equilibrio que garante tanto a continuidade do produto como a súa calidade diferenciada, un dos principais valores engadidos do queixo San Simón da Costa.

Ademais dos datos produtivos, o queixo vilalbés continúa a reforzar a súa presenza en mercados e certames, consolidando o seu prestixio a nivel estatal e internacional. Porén, é precisamente na capacidade de manter cifras constantes de produción onde reside unha das claves do seu éxito, sustentado nun modelo baseado na tradición, o control da calidade e a adaptación ás esixen-



cias actuais do mercado.

Neste contexto, a DOP San Simón da Costa preséntase como un exemplo de estabilidade dentro do sector lácteo galego, cunha produción que, sen grandes oscilacións, segue a garantir a súa presenza e relevancia no panorama agroalimentario. Este balance produtivo chega ademais coincidindo coa recente celebración da XXX Festa do Queixo San Simón da Costa en Vilalba, que vén de pechar as súas portas cunha elevada afluencia de público e boas cifras de vendas. A cita serviu un ano máis como escaparate para o produto e para o traballo das queixerías e gandeirías implicadas, reforzando a conexión entre produción e promoción e consolidando o queixo como un dos grandes emblemas gastronómicos da Terra Chá.

**ENTREPINARES.** Outro exemplo de conexión da produción láctea con Vilalba vén da man do Grupo Entrepinares a través de iniciativas que

abranguen tanto o ámbito social como o económico e internacional. A empresa, con presenza na vila, participa activamente na vida local, como demostra a súa colaboración na programación de Nadal, na de Samaín ou mesmo na das festas. Entrepinares vén de acadar importantes recoñecementos no World Championship Cheese Contest 2026, celebrado nos Estados Unidos, onde varios dos seus produtos foron premiados, situándose entre os mellores queixos a nivel mundial. Ao mesmo tempo, a compañía reforza o seu papel como referente do sector ao converterse en patrocinador dos World Cheese Awards 2026, un dos eventos máis prestixiosos da industria queixeira internacional. Este paso consolida a súa aposta pola proxección global e pola promoción da cultura do queixo. Deste xeito, Entrepinares contribúe tanto ao dinamismo social da vila como á súa proxección económica e reputacional.



# AGRICOLA VERES



SERVICIO TÉCNICO PROPIO • 35 ANOS DE EXPERIENCIA NOS AVALAN

Avda. de Lugo, 11 - 27300 GUITIRIZ (Lugo)  
Telf. 982 37 01 12 - Móvil 619 79 07 75 - agricolaveres@hotmail.com